

ORQUESTRA DE **CARTÓN**



FOLLA DE RUTA

ODE1

MÚSICA
NO PRATO



QUE IMOS A FACER?

Nesta primeira unidade comezaremos cos instrumentos de percusión de altura indeterminada (IPAI). Dedicaremos algo de tempo a coñecer os principais integrantes desta familia dentro da orquestra e os seus tipos. Ademais, elaboraremos unha pandeireta con materiais de refugallo e repasaremos tamén as agrupacións e xéneros musicais propios da música popular galega que empregan este curioso instrumento.



QUE PRECISAMOS?

Para realizar a actividade necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes (ou auriculares) para a escoita... e moito ánimo!

Na actividade práctica “Mans á obra” cómpre ter a man os seguintes materiais para a elaboración da pandeireta:

- Tapas de botellas de metal ou “chapas” (20 unidades)
- Pratos de cartón e cartón de dobre parede
- Fío metálico (arame) ou corda fina
- Regra e perforadora (para facer os buracos)
- Pistola de silicona e cola branca
- Lapis, pintura e pinceis
- Martelo pequeno e un cravo grande



